

ARTE DO S.XIX. O IMPRESIONISMO

OBRA: A IDADE MADURA

AUTOR: **Camille CLAUDEL (1864-1943)**

CRONOLOXÍA: 1899

ESTILO: Impresionismo

MATERIAL: Bronce

MEDIDAS: 208 cm x 264 cm

LOCALIZACIÓN: Museo de Orsay (París) e Museo Rodin (París)



Desde nena, Camille Claudel amosaba un talento especial para a escultura, o que supuxo o traslado da familia a París, onde ingresou nunha das poucas academias que admitía mulleres. Compartiu un estudo con varias escultoras obtendo boas críticas coas súas primeiras obras. En 1883 coñece a Rodin que, fascinado pola súa xuventude e as súas aptitudes, convértese no seu mestre. Entra no seu taller cando Rodin está traballando en *As portas do inferno*, e encárgase de modelar as mans e os pés de todas as figuras. A pesares dos comentarios por ser a única muller no estudo, conseguirá o respecto dos seus compañeiros pola súa seriedade e traballo constante. De axudante pasa a ser musa, modelo e amante do seu mestre. Comparten vida e traballo durante quince anos pero nunca el estivo disposto a divorciarse da súa muller Rose Beuret. A situación empeoraba coas impresións dos que vendo a obra dela apuntaban que detrás estaba a man del. Claudel deixou a relación, centrouse na escultura e a súa saúde foi debilitándose. Continuou traballando nun taller propio e recibindo encargos como artista moi valorada polos mecenas da época. Os primeiros síntomas de desequilibrio mental foron a destrución dos seus traballos, situación que remataría co internamento nun sanatorio mental en 1913, onde morreu trinta anos despois. Na actualidade, ten unha sala onde se expoñen as súas esculturas no Museo Rodin por desexo expreso do escultor.

A idade madura está composta por tres personaxes. Segundo unha interpretación trataríase dun home que tenta chegar a unha musa sendo atrapado por unha bruxa. A forma de representar o corpo humano é inaudita, consegue recrear a beleza en si mesma. Podemos ver a influencia de artistas como Rodin ou Boucher debido á súa forma realista no trato do corpo humano. A figura do home é acolida por unha muller de aparencia desagradable, cunha cara malvada e gran cantidade de enrugadas, que o abraza mentres que detrás queda unha figura no chan implorante, separada do corpo principal que consegue transmitir ese patetismo buscado. A muller situada no chan busca acadalo, pero non o consegue, sendo a súa intención alonxalo da bruxa que se quere apropiarse del.

Poderíamos considerar que o home, co paso do tempo, está alonxándose da mocidade, representada como a muller nova implorante, para deixarse levar pola madurez, personificada como a muller de peor aparencia. De non coñecer a historia de amor –revelada mediante as cartas enviadas da artista–, poderíamos interpretar a obra seguindo as idades do home. Tras madurar, damos paso á vellez abandonando a mocidade. Porén, como vimos de sinalar, crese que o home representa a Rodin mentres que a bruxa remite a Rose Beuret, quen foi un obstáculo entre

a artista e o seu admirado mestre, mentres que o personaxe atrasado na marcha, recorda á mesma Camille suplicando a relación co artista. Por isto, interpretouse a obra de xeito autobiográfico.

Segundo Díaz Huder, na súa obra *O bico*, a artista busca darlle outro sentido á obra porque afirmou que a composición consistía nun triángulo amoroso mentres que realmente buscaba amosar unha parella baseada nun home maduro xunto cunha moza namorada. O lugar da bruxa é ser a encarnación do espírito maligno que quere separar aos namorados. O problema que tivo Claudel é que non puido representar a maldade debido á súa invisibilidade e por iso as diferentes interpretacións.

Podemos atopar a obra no Museo de Orsay e no Museo Rodin, xa que do mesmo xeso realizáronse dúas fundicións. A obra conmoveu a gran parte da sociedade francesa debido á súa perfección formal. A composición ten unha forma diagonal, acentuada polas extremidades das figuras e os corpos que descenden caendo. Por outro lado, respecto ao soporte, podemos ver como o tratamento do chan non está moi traballado. Este debería de transmitir firmeza mentres que transmite erosión. As figuras transmiten paixón e acción. É unha escena moi dinámica como se pode ver no tratamento das vestimentas axitadas; parece que vaian a separarse en calquera momento, xa que capta o instante anterior da separación dos corpos.

Realizou diferentes versións. A primeira chamábase *Grupo de tres* e compoñíase de tres figuras, aínda que a intención da artista fose colocar unha árbore que dese centralidade. Todas as súas obras teñen unha gran forza expresiva que impactan no espectador. O seu estilo é totalmente propio, pero á vez remite a unhas formas rodinianas ou donatellescas.